

A illa da deslembianza

Unha produción de Ártika CIA



Unidade didáctica



INDICE

- INTRODUCCIÓN	2
- A ILLA DA DESLEMBRANZA	4
- CUADERNO DE ACTIVIDADES	6
○ INTRODUCCIÓN A ACTIVIDADES.....	7
○ ANTES DA FUNCIÓN	8
▪ ACTIVIDADE 1	8
▪ ACTIVIDADE 2	9
○ DURANTE A FUNCIÓN	11
○ DESPOIS DA FUNCÓN.....	12
▪ ACTIVIDADE 1; A IMPORTANCIA DOS AVÓS E DAS AVÓAS	12
▪ ACTIVIDADE 2; A VELLEZ	14
▪ ACTIVIDADE 3; A ENFERMIDADE DO ALZHEIMER	16
▪ ACTIVIDADE 4; O FEITO TEATRAL.....	20

INTRODUCCIÓN

Unha visita ao teatro supón unha gran aprendizaxe para os máis pequenos e pequenas. A través desta unidade didáctica queremos axudar a integrar o noso traballo dentro da programación didáctica docente, afastándonos da idea de que a nosa obra quede nunha mera visualización illada.

Actualmente, vivimos nunha sociedade do coñecemento, a cal nos permite acceder a multitude de información por diversas canles de comunicación. É por iso polo que pensamos que é de vital importancia transmitir aos alumnos e alumnas unha visión crítica do mundo actual dotándoos das ferramentas necesarias para que sexan capaces de filtrar todas as informacións que estean ao seu alcance.

É nesta entona onde pensamos que o teatro e a comprensión cobran un papel fundamental, xa que a través destas ferramentas podemos axudar a acceder á outro tipo de información e ao coñecemento da realidade. Por todo isto, na Unidade Didáctica que nos ocupa, traballaremos cos alumnos e alumnas valores tan importantes como a familia, a memoria e os recordos e faremos ver que o teatro tamén pode ser divertido, interesante e apaixonante.

As actividades están pensadas para que o alumnado reforce e amplíe actividades e conceptos multidisciplinares de forma fácil e instrutiva. Se o profesorado o estima conveniente, apórtanse ideas alternativas para realizar máis actividades.

A través desta unidade didáctica e da propia visualización da obra, queremos axudar aos escolares e ao equipo docente a acadar os seguintes obxectivos xerais:

- escoitar e comprender textos adaptados á idade á que vai indicado o espectáculo.
- Comprender un fío argumental simple.
- Estimular a capacidade creativa dos nenos e nenas.
- Aprender a observar, emocionarse e desfrutar dun espectáculo teatral.
- Estimular a capacidade de atención a través do desenvolvemento dos sentidos.
- Crear a necesidade de que a arte, en xeral, forme parte das vidas dos nenos/as.
- Coñecer o protocolo para asistir a un espectáculo.
- Valorar o teatro como elemento indispensable na formación educativa.
- Fomentar a interacción e a riqueza das diferentes artes nun proxecto conxunto que destaque e aproveite as concomitancias entre elas, á vez que as súas peculiaridades.
- Favorecer o disfrute e a apreciación da obra teatral desde a perspectiva artística e estética.
- Axudar a desfrutar e a valorar o xeito teatral como parte do enriquecemento cultural da persoa e a súa importancia no desenvolvemento na educación dos nenos.
- Fomentar o desenvolvemento de actitudes de respecto e de empatía cara aos demais.
- Favorecer e fomentar o xuízo crítico do alumnado.
- Potenciar a imaxinación e a creatividade do alumnado.
- Favorecer o traballo en grupo, mediante a cooperación e a comunicación entre os participantes.
- Promover o amor pola lingua galega.

Por outra banda o espectáculo “A illa da deslembanza” permitiranos traballar outros obxectivos específicos e máis concretos, relacionados coa propia temática da obra:

- Compartir cos avós e as avoas actividades que se realizan no contexto escolar.
- Reforzar a importancia do respecto ás persoas maiores, en especial, aos anciáns e/ou avós e avoas.
- Comprender que a vida é unha suma de etapas temporais que culmina na vellez.

- Distinguir as diferencias existentes entre cada unha de ditas etapas a partir dos nomes con que se denomina a cada unha de elas.
- Aprender a observar os cambios de conducta noutras persoas.
- Comprender que determinadas conductas poden ser consecuencia de certos síntomas de demencia ou Alzheimer
- Coñecer a figura de Alois Alzheimer.
- Estimular a creatividade e a imaxinación.

A ILLA DA DESLEMBRANZA

"A illa da deslembanza" é un espectáculo teatral destinado a público familiar e a rapaces e rapazas maiores de 6 anos no que se aborda, entre outras cousas, o tema da enfermidade do Alzheimer co obxectivo de axudarlles a comprender situacións que moitos deles poden vivir no seu contorno familiar.

Malia a seriedade do tema que trata ten un enfoque humorístico que persegue fomentar actitudes optimistas para afrontar os problemas da enfermidade e amosar a importancia que teñen os/as nenos/as para que os maiores vivan momentos felices.

Os recordos de Branca, a avoa de Uxía, van e veñen como as ondas do mar e o seu ollar mesmo parece perderse nun océano profundo. Que lle está a pasar? Como Uxía, unha nena de dez anos pode axudar a recuperar eses recordos ou, tal vez, acabarán todos na illa da deslembanza?

A figura dos avós e das avoas amósanse coma unha fonte de sabedoría, de riqueza cultural e histórica. Tamén queremos por en valor a importancia das relacións familiares e tamén en como os recordos constrúen as persoas que somos.

Cada docente pode tratar as cuestións que máis lle interesen en cada caso sen ter que cingirse á temática da doenza



Ficha do espectáculo

A illa da deslembanza (2021)

Dirección; Manuel Mansilla

Autoría: Martín Maez

Elenco: Rocío Salgado, Fernanda Barrio e Martín Maez

Música e espazo sonoro: Anxo Fernández

Deseño de iluminación: Javier Quintana

Escenografía: Gustavo Brito.

Duración aproximada 50 minutos

Idioma Galego

Público + 6 anos

O PORQUÉ DE ESTE ESPECTÁCULO

Por dar visibilidade a algo co que conviven moitas familias como é o alzheimer nas maiores. A través de “A illa da Deslebranza” queremos por en valor a importancia das relacións familiares e tamén en como os recordos constrúen as persoas que somos.

Un espectáculo dirixido tanto para nenas como para avós. Unha experiencia que fará aos espectadores transitar por momentos moi divertidos e outros onde as emocións pasan a primeiro termo.

Un traballo creado a base de metáforas e gran forza visual que achegará aos máis cativos a un tema tan importante como o é o alzhéimer.

A COMPAÑÍA ÁRTIKA CÍA

Ártika Cía. nace como compañía profesional a finais do 2020 na Sala Ártika de Vigo.

Esta xurde como resposta a unha necesidade de transmitir, compartir, coñecer e investigar os diferentes públicos nas artes escénicas. A nosa equipa artística e técnica conta con profesionais de recoñecida traxectoria e demostrada experiencia dentro deste sector. É por isto que para a nosa primeira montaxe fomos seleccionados para co-producir co Centro Dramático Galego (CGD).

A NOSA MISIÓN

Contribuír a transformación da sociedade a través das artes escenas primando valores como a xustiza, a solidariedade, a empatía, a reflexión, o benestar e a tolerancia co fin de acadar un ha maior cohesión social.

Converternos nunha compañía de referencia a nivel galego e nacional dando saída a produtos escénicos de calidade e diferentes no eido das artes escénicas. Continuar na investigación e innovación teatral para dar saída a inquietudes sociais co fin de crear un público activo e crítico.

VALORES

A xustiza, a curiosidade, a paixón, a innovación, a integridade, a tolerancia, a cohesión social e a reflexión.

Caderno de actividades

A illa da deslembanza
Ártika CIA



INTRODUCCIÓN A ACTIVIDADES

Previas

A institución organizadora poderá solicitar que, para acadar un máximo rendemento didáctico, se facilite una guía de formación ao profesorado.

Dita guía ofrecerá estratexias e materiais para presentar contidos co mellor aproveitamento da actividade. As propostas deben adecuarse ao currículo e deben aportar innovacións, activas e plenamente aplicables ao traballo de clase, se é posible antes da representación. Ditas actividades inclúen as normas básicas de comportamento nun teatro e outras materias relacionadas co espectáculo e a súa mellor comprensión.

É responsabilidade dos educadores, que deben avaliar os resultados, e de quen participa, que deberá aproveitar ao máximo o aprendido.

Durante

Inclúense tamén un par de puntos para axudar a que o alumnado se centre nesta actividade. Indícanse certos aspectos importantes que poderán ser debatidos ao rematar a función e axudarán a comunicación e a xerar debate na aula.

Posteriores

As actividades posteriores están pensadas para realizar despois de asistir ao espectáculo. É recomendable a súa realización na aula ou na casa co fin de reforzar o coñecemento adquirido.



ANTES DA FUNCIÓN

Debemos lembrarles aos nenos e nenas as normas básicas de comportamento mentres participamos no espectáculo.

ACTIVIDADE 1: O COMPORTAMENTO NO TEATRO

Elimina destas imaxes aquelas actividades que non se poidan facer no teatro. Podemos favorecer o diálogo na escola debatendo sobre por que pensamos que non se poden facer estas actividades durante a representación:



ACTIVIDADE 2: INTRODUCCIÓN Á OBRA

É importante que conectemos ao alumnado coas peculiaridades da obra que imos contemplar. Por iso, faremos unha serie de dinámicas que axude a explicarlles en que consiste o teatro e, en concreto, o espectáculo que imos ver:

- Que che suxire o título “A illa da deslembanza”?

Linguaxe: Cres que é normal que a unha persoa se lle esquezan:

- Os coñecementos?
- Os lugares?
- O nome das cousas?
- O nome das persoas?
- Comer e beber?

ACTIVIDADE 3: CONTRÚE O TEU PROPIO TÍTERE

Nesta obra, ademais de actores e actrices, tamén poderemos atopar outras personaxes creadas con títeres.

Os títeres ou marionetas teñen a súa orixe en tempos moi lonxanos. O xogo con este elemento pode axudar a incentivar a imaxinación e a creatividade nos máis cativos. Permite inventar historias, facer xogos de rol, desenvolver temáticas especiais, etc...

A creación de títeres de calcetíns estimula a creatividade. Podes comezar a actividade contando unha historia, e despois crear as personaxes para representala cos máis pequenos. Tamén se pode traballar ao contrario, creando primeiro as personaxes e despois inventando unha historia con eles.

Outra posibilidade é traballar sobre temáticas específicas e desenvolver os temas con xogos de rol. Nos xogos de rol cada participante debe representar un papel, é dicir, actuar coma unha determinada personaxe. Así iremos contando unha historia desenvolvendo a empatía, a imaxinación e a interacción en grupo, entre outras cousas.

Materiais necesarios:

- Calcetíns vellos
- Botóns grandes
- Fío e agulla
- Teas, feltro, lá, cintas
- Cola de pegar
- Rotuladores permanentes
- Tesoiras
- Outros materiais que teñas na casa: ollos para manualidades, cabelo artificial, fío de rafia, accesorios de bonecas como sombreiros ou carteiras, etc.

Como construír o títere de calcetín paso a paso:

- 1.- Primeiro metemos a man no calcetín, poñéndoa en forma de pinza para formar a boca do títere. Agora cun xiz ou cun rotulador para tea, marcamos o lugar onde estarán os beizos, os ollos e o nariz.
- 2.- Escollemos dous botóns grandes e os cosemos no lugar onde marcamos os ollos.
- 3.- Cortamos un anaco de tea, feltro, goma-eva ou outro material de forma aproximadamente triangular e o pegamos no lugar destinado á nariz.
- 4.- Debuxamos uns labios grandes, separando o superior do inferior, nun anaco de tea ou feltro. O recortamos e o pegamos ou cosemos no lugar marcado ao principio para tal fin.
- 5.- Agora debemos facer o cabelo do noso títere: podemos cortar uns cantos tramos de lá do mesmo longo e despois coselos na cabeza do títere xusto no centro da lá, para que o cabelo caia cara ambos lados da cabeza. O mesmo podemos facer con fío de rafia ou pegar plumas ou tal vez agregar un sombreiro que teñamos dalgunha boneca ... o importante é deixar que os alumnos e alumnas boten man da súa imaxinación para crear os detalles do títere.
- 6.- Cada alumno ou alumna pode crear a aparencia do seu títere como máis lle guste. Non hai regras. Poden crear roupa, agregar accesorios, pintalos. Etc...



DURANTE A FUNCIÓN

Neste apartado propoñemos uns cantos aspectos onde os alumnos e alumnas poden centrarse durante o espectáculo mentres que gozan da experiencia teatral. Despois da función, poden comentalos cos demais e xerar un pequeno coloquio na aula que axudará a centrar aos alumnos e alumnas nas actividades do seguinte apartado.

A escenografía

- Que che suxire a escenografía?
- Pensas que serve para crear escenarios realistas ou deixa liberdade de interpretación ao espectador?
- Axuda a que se entenda a obra ou crees que confunde?
- Que espazos diferentes podes diferenciar na función?
- Trasládate a algún lugar concreto?

O vestuario

- Cres que axuda a contar a historia e a situar ao espectador nun lugar concreto?
- Votaches en falta que houbera máis cambios de vestuario?

A iluminación

- Que che pareceu?
- Cales foron os efectos que máis che chamaron a atención?
- Cres que acompaña ao resto de elementos?
- Crees que o director conseguiu harmonizar todos os aspectos da posta en escena como ou hai algo que non encaixa?

En canto aos actores

- Representan ben o contido da obra, están en situación, teñen boa dicción e proxección da voz?
- Notaches diferencias entre as diferentes personaxes que representou cada un?
- Por que pensas que se utilizan monicreques para representar a algúns personaxes coma os piratas?

Sobre a obra

- Que che di a obra?
- Hai algo (personaxes, situacións...) co que te sentises especialmente identificado ou identificada?
- A avoa de Uxía desorientase por momentos, viviches algo parecido? Entendes por que pasa? Saberías expresalo coas túas palabras?
- Pensas que os piratas son malos? Ou e que non coñecen nada máis?

DESPOIS DA FUNCIÓN

Neste apartado, desenvolveremos os temas principais da obra. Todos eles son susceptibles de ser comentados por o grupo na clase para provocar unha reflexión sobre os mesmos.

ACTIVIDADE 1: A IMPORTANCIA DOS AVÓS E DAS AVOAS

Os avós e as avoas son a memoria vivinte da familia. Transmiten experiencia e inculcan valores aos seus netos e netas. Por iso, debemos axudar a resaltar e dignificar a súa figura a partir do contexto formativo da escola.

Uxía achégase a súa historia pasada a través da súa avoa. E ela quen lle conta como era a súa nai e axúdaa a encher os ocos baleiros que a súa ausencia provocou.

Actividades complementarias:

Propoñemos unha actividade para levar a cabo mediante a implicación dos avós e avoas do alumnado co fin de que os valoren e sexan conscientes da súa importancia.

Para facilitar a conversa, propoñemos algunhas cuestións que poden ser de interese:

- ¿Como son os teus avós e avoas (ou bisavós e bisavoas)? ¿Onde viven e con quen?
- ¿En que traballan ou traballaban? ¿Que lles gusta facer?
- ¿Que fas ti con eles? ¿Paseas, xogas...?
- ¿Ensináronche algún xogo, algunha canción, algún conto...? ¿Cales?
- ¿Falas a miúdo con outras persoas maiores?

Narrar contos da época dos avós e as avoas

Como actividade preparatoria, na clase farase un coloquio onde os alumnos e alumnas exporán verbalmente os contos ou cancións que os seus avós ou avoas lles contaban e cantaban cando eran máis pequenos. Cantos dos alumnos son capaces de lembrarse delas?

Creación dun libro viaxeiro:

Materiais: caderno, lapis de cores, folios, tesoiras, cola de pegar e fotos da familia:

Construír en clase un libro viaxeiro onde os avós e avoas poden escribir contos que despois se porán en común na aula. Tamén, utilizando as novas tecnoloxías, poden facer uso dunha gravadora ou móbil para gravar cancións, historias, contos, trabalinguas, etc... en voz dos seus familiares e polos en común na clase.

Cada un dos alumnos aproveitarán a súa parte do libro para facer un debuxo dos seus avós e farán unha presentación en clase deles, expoñendo que é o que máis lles gusta deles e algún recordo ou vivencia que teñan con eles.

No caso dos nenos e nenas aos que lles falecera o seu avó ou non o coñezan, poden expor que é o que recordan deles a través do que lles contaran outros familiares ou sobre algunha persoa maior que sexa un referente nas súas vidas.



ACTIVIDADE 2: A VELLEZ

Paula Méndez, creadora de contidos e documentarista especializada no sector da terceira idade e nos seus coidados escribiu o artigo “Que é a vellez? Consellos e coidados” onde relatava o seguinte feito:

Actualmente, os seres humanos contamos cunha alta esperanza de vida. A maior parte da poboación de hoxe en día ten unha esperanza de vida igual ou superior aos 60 anos pero en España chega aos 83 anos.

Isto provoca un fenómeno chamado envellecemento poboacional. Como causa deste fenómeno, esperase que para o 2050 a poboación maior de 65 anos represente o 46% da poboación mundial, o que supón case a metade da poboación.

O incremento da esperanza de vida ofrece novas oportunidades para os maiores e as súas familias, así como para toda a sociedade. A derradeira etapa de vida, debida ao envellecemento, é chamada vellez, ou terceira idade. Nesta etapa as persoas maiores poden seguir realizando moitas actividades novas e seguir aprendendo xunto aos seus seres queridos.

Actividades complementarias:

Lingua: Contestar e debater en clase sobre a pregunta: Que é a vellez?

A vellez é un proceso fisiolóxico común a todos os seres humanos, e nela prodúcense cambios físicos, psicolóxicos e sociais.

*Normalmente, considérase vellez, ou terceira idade, a etapa que comeza aos **65 anos**. Neste momento é onde as persoas sofren un **punto de inflexión** nas súas vidas. Os cambios na vellez non son iguais en todas as persoas, e non todo o mundo os enfrenta do mesmo xeito. Hai anciáns que poden chegar á vellez e gozar dunha boa calidade de vida, e outras persoas que non dispoñen das ferramentas suficientes para enfrontarse a esta nova etapa.*

Plástica: En pequenos grupos, buscar fotografías en revistas ou internet de bebés, nenos, rapaces e rapazas, adultos e vellos e elaborar un póster nunha cartolina. Deberán poñer un título ao póster e colocar os tramos de idade de cada fotografía a modo de pé de páxina.

Materiais: Revistas, cartolina, rotuladores e cola de pegar.

Mesa Redonda: Anótanse no encerado algunhas características psicolóxicas e fisiolóxicas de cada tramo de idade. O profesor ou un alumno/alumna exercerán de moderadores establecendo tornos de palabra. A intervención do alumnado estará dirixida a relacionar as características cos tramos de idade aos que corresponde cada unha argumentando o por que.



ACTIVIDADE 3.- A ENFERMIDADE DO ALZHEIMER

Introdución á actividade:

Cuestións sobre a representación:

1. Cales son os primeiros “despistes” que ten a avoa?

2. Enche os ocos baleiros coa palabra que falta:
 - Non se lembra do da súa neta nin de onde escondeu o
 - Esquecera a no lume.
 - Pensa que esa non é a súa e que seu marido, Miguel, tarda moito en vir buscala.
 - Cre que é unha de cinema e que ten que ir correndo a a coller o tren.

3. Fíxoche graza?

4. Que lle explica a Uxía, o seu pai sobre o que lle ocorre á avoa?

5. Que diferenzas atopas entre a avoa das primeiras escenas e a avoa da escena final?

6. Coñeces algunha persoa á quen lle pase o mesmo que a avoa de Uxía?

7. Como a tratan os seus familiares?

8. Como a tratas ti a túa avoa ou avó??

CONTIDOS: HISTORIA DO ALZHEIMER

Corría o ano 1901 e o médico psiquiatra alemán Alois Alzheimer quedou sorprendido cos síntomas do comportamento de Auguste Deter, de 51 anos. O seu paciente sufría a perda de memoria de corto prazo e alucinacións auditivas, e o médico preguntouse por que. A pregunta pasou a ser a súa obsesión. Cinco anos despois, a paciente -que pasara a vivir nun asilo en Frankfurt- faleceu. Alzheimer conservou a historia clínica e estudos do seu cerebro e levounos a Munich para traballar no laboratorio dun pioneiro da psiquiatría, Emil Kraepelin.

Ao facer a autopsia do cerebro da paciente, o médico Alzheimer observou que a cortiza cerebral era máis estreita do normal y, ademais, que existían dous tipos de anomalías moi chamativas. Había placas de amiloide, que son depósitos dunha proteína entre as neuronas, e madeixas doutra proteína chamada tau. Esas anomalías están asociadas á redución da función das neuronas.

Presentou o caso da súa paciente Auguste nunha reunión de psiquiatría, pero a audiencia non estaba moi interesada. En 1910, Kraepelin empezou a falar da “enfermidade de Alzheimer”. Pero Alzheimer nunca sospeitou que o seu encontro coa paciente iniciaría unha larga carreira internacional por descubrir as causas e desenvolver tratamentos para a demencia máis frecuente.

Alzheimer morreu en 1915, e o mundo biomédico recoñéceo non só pola súa orixinal descrición dunha enfermidade se non tamén por ser un modelo de investigador clínico. Estableceu estándares para comprender desordes neurodexenerativos cunha próxima relación clínica cos seus pacientes e utilizou ferramentas científicas para explicar como os síntomas asociábanse a cambios físicos no cerebro.

Outros investigadores seguiron a súa busca para comprender de que trata a enfermidade. En 1931, os alemáns Max Knoll e Ernst Ruska inventaron o microscopio electrónico, que permitiu facer mellores estudos do cerebro. En 1968, desenvolveuse a primeira escala de medición para avaliar o deterioro cognitivo e funcional en persoas maiores.

A partir dos anos setenta, institucións públicas comezaron a prestarlle máis atención á enfermidade de Alzheimer: nos Estados Unidos -por exemplo- créase o Instituto Nacional do Envellecemento, que dá apoio á investigación sobre a desorde.

Recen en 1976, a enfermidade do Alzheimer foi recoñecida como unha forma frecuente de demencia, a partir de que o neurólogo estadounidense Robert Katzman publicara un editorial en Archives of Neurology e advertise que a enfermidade era un desafío de saúde pública. Dende entón foise aumentando a concienciación sobre a enfermidade no mundo e creáronse asociacións de pacientes e familiares.

É importante que se siga investigando para terminar de descifrar os mecanismos que desenvolven esta enfermidade, de xeito que se poidan producir tratamentos que permitan frear ou demorar a evolución da enfermidade.

Alois Alzheimer: A Hundred Years after the Discovery of the Eponymous Disorder Antonio Tagarelli, Anna Piro, Giuseppe Tagarelli, Paolo Lagonia, Aldo Quattrone. Int J Biomed Sci. 2006 Jun; 2(2): 196–204. PMID: PMC3614590 Recollido en: <https://www.caeme.org.ar/alzheimer-la-historia-de-una-enfermedad-que-desafia-a-la-ciencia/>

Informe Mundial sobre Alzheimer 2018: <https://www.alz.co.uk/research/worldalzheimerreport2018-spanish.pdf>

Actividades complementarias:

Linguaxe:

Busca na seguinte sopa de letras os seguintes termos relacionados co alzheimer:

Deterioro
Alzheimer
Neurólogo

Memoria
Atención
Percepción

Comprensión
Orientación
Demencia

Cerebro
Recordos
Pasado

A	Q	T	I	R	E	C	O	R	D	O	S	F	C	V	B	N	M	H	O
T	P	I	U	F	D	S	X	C	E	D	R	T	H	U	L	A	Z	E	D
E	T	V	F	R	E	D	C	X	S	E	S	X	Q	A	Z	L	U	M	C
N	R	T	U	U	O	P	N	T	G	P	V	C	D	E	M	N	L	O	O
C	E	R	F	V	C	D	E	R	T	T	E	X	C	V	T	H	N	M	M
I	M	Ñ	P	O	L	I	N	F	X	D	C	R	E	R	F	V	T	G	P
O	P	L	I	D	E	T	E	R	I	O	R	O	C	H	U	I	L	O	R
N	E	D	F	E	R	T	U	U	M	I	K	O	L	E	C	V	B	N	E
E	R	T	P	M	M	E	R	Q	U	E	G	U	R	D	P	U	I	N	N
D	L	Q	L	E	N	C	O	S	A	D	A	Z	A	L	V	C	K	N	S
V	O	A	O	N	B	V	L	C	X	I	M	M	P	U	Z	P	I	U	I
T	P	X	B	C	V	Q	O	R	I	A	Z	Q	A	U	C	R	S	O	O
U	C	C	T	I	C	N	G	G	Q	X	P	L	S	O	P	S	X	I	N
O	R	O	F	A	X	M	O	N	N	P	R	P	A	S	P	A	R	P	I
A	E	R	V	T	Z	I	T	U	P	Ñ	T	A	D	T	I	I	F	V	N
P	X	B	E	M	E	T	L	L	A	A	C	X	O	P	A	R	V	T	T
L	L	E	X	O	T	D	A	O	R	L	I	U	Z	V	I	O	Y	R	C
C	O	R	I	E	N	T	A	C	I	O	N	R	P	T	C	M	N	D	E
R	T	E	E	X	I	D	X	T	O	N	A	A	T	R	E	E	I	C	S
V	M	C	R	R	Q	E	R	T	Q	A	L	Z	H	E	I	M	E	R	O

- Busca no dicionario e aprende o significado desas palabras.
- Escribe algunhas frases utilizando estas palabras.

Coloquio grupal na clase:

Describe en que consiste a enfermidade do Alzheimer e responde ás seguintes preguntas:

- A que persoas soe atacarlles esta enfermidade?
- Que poderíamos facer para axudarlle, se tiveramos algún familiar con esta enfermidade?



ACTIVIDADE 4.- O FEITO TEATRAL

Neste punto imos traballar elementos propios do feito teatral.

Que é o teatro?

O teatro é unha das actividades culturais e artísticas máis antigas que coñece a humanidade. É unha das artes escénicas, é dicir, aquelas que teñen lugar sobre un escenario, e consiste na recreación dunha ou varias historias de distinta índole mediante actores e actrices, discursos, música e escenografía.

O teatro foi cultivado ao longo da historia con moi distintos fins, pero sempre comprendido como unha ferramenta para comunicar ideas masivamente. Os antigos gregos utilizábano coma un instrumento de educación relixiosa e cidadá, poñendo en escena os seus mitos e as súas célebres traxedias.

Por outro lado, tamén as vangardas do s. XX viron no teatro un campo de experimentos, onde podían someter ao público a experiencias e reflexións de distinta índole.







Trátase, pois, dunha forma de arte moi versátil, que combina o exercicio intelectual coa representación de situacións grandiosas, conmovedoras, impáctante, etc... Existen formas moi variadas de representación teatral, algunhas das cales nin sequera teñen lugar dentro dun teatro, senón na rúa, e algunhas incluso exixen a participación do público.

Aínda que ambos termos se empregan a miúdo como sinónimos, en sentido estrito, convén non confundir o teatro (a representación escénica) coa dramaturxia (a escritura teatral). O primeiro é un xénero escénico, mentres que a segunda é un xénero literario. Tampouco debemos confundir o teatro en tanto xénero artístico, co teatro como edificación na que teñen lugar este tipo de representacións.

"Teatro". Autor: Equipo editorial, Etecé. De: Argentina. Para: *Concepto.de*. Disponible en: <https://concepto.de/teatro/>. Última edición: 2 de febrero de 2022. Consultado: 14 de abril de 2022

ACTIVIDADE:

Identifica os nomes dalgúns dos elementos que conforman o feito teatral e sitúaos nas súas celas.



Actividades complementarias:

Lingua: Contestar e debater sobre os seguintes termos:

1. Actores e actrices. Personaxes. Caracterización, vestuario, interpretación.

Diferenza entre personaxe e actor. ¿Cantos actores hai? ¿Cantos personaxes?

Caracterización e interpretación:

- ¿Que fan os actores para parecer máis vellos? ¿Como se visten? ¿Como falan? ¿Como andan? ¿Como se moven?
- ¿Que fai a actriz para parecer máis nova? ¿Como se viste? ¿Como anda? ¿Como se move? ¿Como fala

Creatividade: O Baúl dos disfraces

Non ten porque ser un baúl, pode ser calquera caixa, pero o importante é que reunamos alí todos os “tesouros”; roupa vella, anacos de tea, disfraces...

Informamos as nais e pais dos nenos sobre a actividade. Cada alumno ou alumna traerá da casa unha peza e, pouco a pouco, iremos facendo o noso “Baúl de disfraces”.

Os xogos con disfraces non precisan ser estruturados. Os nenos e nenas máis pequenas crearán o seu propio mundo e, a medida que vaian construíndo unha personaxe, actuarán entre si.

Os mais maiores, poder ser estimulados a crear unha obra de teatro para logo presentar a súa familia. Se teñen caixas ou, as mesas, teas, poden utilizarse para crear a escenografía.